

CONCLUSIÓNS DOS XXI ENCONTROS GALEGO-PORTUGUESES DE EDUCADORES E EDUCADORAS POLA PAZ

203 persoas asistimos en Chaves os días 4,5 e 6 de maio á vixésimo primeira edición dos Encontros galego-portugueses de educadores/as pola paz. A cita decana de todas cantas se realizan en España e Portugal sobre educación para a paz.

Reunidos en asemblea na mañá do domingo adoitáronse as seguintes conclusións:

1º. A necesidade de profundar en todos os ámbitos sociais na loita contra os estereotipos sexistas que aínda perviven na nosa sociedade. Tamén no campo educativo. Na actualidade, a educación na igualdade, como materia transversal, na práctica, presenta un escaso grao de desenvolvemento en tódalas etapas e niveis educativos. Consideramos que precisa dunha maior relevancia real, e a cooperación dos distintos axentes educativos, pola transcendencia que ten para a convivencia.

2º. A esixencia da revisión e mellora da formación inicial e continua do profesorado, especificamente en temas relacionados coa igualdade e a coeducación.

3º. A reivindicación de maiores medidas de protección e apoio, así como campañas de sensibilización fronte á violencia de xénero.

4º. O noso rexeitamento a toda a forma de explotación sexual.

5º. A solicitude aos Parlamentos galego e portugués da creación dunha Lei da Paz e de fomento da educación e da cultura de paz.

Cómpre lembrar que o 15 de decembro de 2005, o Presidente de NOVA ESCOLA GALEGA, D. Xosé LASTRA MURUAIS, e D. Xesús R. Jares, como Coordinador de EDUCADORES POLA PAZ DE NOVA ESCOLA GALEGA e presidente da SOCIACIÓN GALEGO-PORTUGUESA DE EDUCACIÓN PARA A PAZ, presentaron un escrito aos tres grupos parlamentarios (BNG, PSdeG-PSOE e PP), non obtendo resposta até o de agora de ningún grupo parlamentario. Parece, pois, que os temas da paz non son considerados prioritarios para os nosos grupos parlamentarios.